**XVI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE MOAÑA.**
**Moaña 05 de Maio de 2019**

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

O Club Atletismo Samertolameu, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Moaña e a Deputación de Pontevedra, organizan o Domingo 05 de Maio a partir das 10:00 horas, a XVI Carreira Pedestre Concello de Moaña

A carreira conta coa colaboración da Policia Local e Protección Civil.

A zona de saida, control, e recollida de dorsais estará situada nas pistas de atletismo do Concello de Moaña.

Novedades edición 2019:

- **CIRCUITO HOMOLOGADO POLA RFEA**
- **CELEBRAREMOS DUNHA FORMA ESPECIAL O DIA DAS NAIS**
- **CARREIRA CONTROLADA POLOS XUICES DA FGA**
- **ALOXAMENTO GRATUITO (40 PRAZAS NO ALBERGUE MUNICIPAL DE O BEQUE)**

Manteremos de edicións anteriores:

- Por cada atleta da carreira polular inscrito na proba, o Club Atletismo Samertolameu coa colaboración da Xunta de Montes de Meira, **plantarán unha arbore autóctona nos montes de Moaña**. A celebración desta activade que se realizará en Outubro será tamén comunicada nas redes sociais e prensa escrita.
- Festa fin de carreira para tódolos participantes.

## REGULAMENTO

### *1. PARTICIPACIÓN*

Poderán participar atletas federados e non federados, sin importar condición, sexo ou nacionalidade, sempre atendendo o regulamento da proba. O control da carreira estará a cargo do Club Atletismo Samertolameu.

### *2. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN*

Para a XVI Carreira Pedestre Concello de Moaña as categorías de competición serán as seguintes, na sua modalidade masculina e femenina respectivamente:

**PITUFO** Nados do 2014 en adiante

C2 General

**PREBENXAMIN** Nados en 2012 e 2013
**BENXAMIN** Nados en 2010 e 2011
**ALEVIN** Nados en 2008 e 2009
**INFANTIL** Nados en 2006 e 2007
**CADETE** Nados en 2005 e 2006
**XUVENIL/JUNIOR** Nados entre 2000 e 2003
**PROMESA/SENIOR** Nados entre 1999 e anteriores ata cumprir 35 anos
**VETERANOS A**, 35 a 44 anos
**VETERANOS B**, 45 a 54 anos
**VETERANOS C**, mayores de 55 anos

*3. DISTANCIAS E HORARIO*

O percorrido das probas consta de varios circuitos, adaptándose a cada categoria.

O percorrido da proba popular, será totalmente chan, e ainda que non homologado, é de **10km HOMOLOGADOS POLA RFEA**

**Existe a posibilidade de facer soamente 1 volta o circuito (5km), para a cal existirá clasificación absoluta independente.**
**Este ano as probas escolares se celebrarán nun circuito sobre herba nos xardins da Xunqueira.**

**10.00 h** ALEVÍN, 1000 m aprox.
**10.10 h** INFANTIL 2000 m aprox.
**10.20 h** CADETE 3000 m aprox.
**10.45 h** BENXAMÍN, 800 m aprox.
**10.55 h** PREBENXAMIN MULLERES, 400 m aprox.
**11.00 h** PREBENXAMIN HOMES, 400 m aprox.
**11.05 h** PITUFOS MULLERES, 100 m aprox.
**11.10 h** PITUFOS HOMES, 100 m aprox.
**11:30 h** CARREIRA POPULAR (xuvenil, junior, promesa, senior, veteranos A, B e C) 10 km (2 voltas circuito e entrada meta) e 5km (1 volta circuito e entrada en meta).
**11:35 h** Entrega de premios para as carreiras infantiles.
**12:15 h** Coa entrada dos primeiros corredores se dará inicio a festa fin de carreira.
**12:45 h** ENTREGA DE PREMIOS (Pistas de Atletismo Concello de Moaña)

A saida da carreira popular (10km/5km) terá lugar na estrada Xeral enfrente as pistas de atletismo quedando a meta dentro das pistas de atletismo.

O **tempo máximo** de duración da proba será de **1 hora 20 min**.

**Os atletas que non consigan completar a primeira volta ó circuito (5km) nun tempo de 40 minutos non poderán continuar na carreira e a sua clasificación será a dos 5km.**

O percorrido da proba estará indicado, controlado, e sinalizado cada kilómetro. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo do percorrido. Asimesmo a carreira estará supeditada polos Xuices da FGA.

*4. INSCRICIONS*

**Prazo de inscripción:**

- **NON SE ACEPTARÁN INSCRIPCIÓNS O DIA DA PROBA.**
- O prazo de inscripción abrese o día 1 de Abril as 00:00 horas
- O prazo para as inscripcións finaliza o Mércores 1 de Maio ás 23:59:59 horas.

**Prezo de inscripción:**

- CATEGORIAS INFERIORES: **GRATUITA**
- CATEGORÍAS XUVENIL E POSTERIORES: **(inclue bolsa do corredor con agasallo e festa fin de carreira)**

  - **Ata o 20 Abril as 23:59:59**
    - **7 € propietarios chip amarelo**
    - **8 € chip en alquiler**
  - **Do 21 de Abril o 1 de Maio as 23:59:59**
    - **9 € propietarios chip amarelo**
    - **10 € chip en alquiler**

**Realización de inscripción:**

- Na web www.championchipnorte.com
- En caso de ter problemas na web poden facerse as inscripcións en:
  - **INSCRICIÓN POR TELÉFONO:** 611455454
  - **INSCRIPCION POR EMAIL:** clubatletismosamertolameu@gmail.com

  No caso de inscripcións por email ou teléfono pode facerse o ingreso nas seguintes contas:

**ES78 2080 5047 7230 4002 4944 (Abanca)**

**Datos necesarios para a inscripción:**

- NIF (si ten)
- Nome e apelidos
- Sexo
- Data completa de nacemento
- Nome do Club (si ten)
- Localidade
- Provincia
- Email

- Teléfono de contacto

**Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.**

Haberá un límite de 750 inscritos na carreira popular e de 400 para as carreiras escolares.

Teléfonos de información: 611455454 – 610516242

*5. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS*

Realizarase o día da proba dende as 09.00 horas, nas pistas de atletismo, ata 30 minutos antes do inicio da mesma.

CONTROL CON CHIP: A proba de adultos e nenos (excepto pitufos) estará controlada a través dun CHIP que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal. **O finalizar a proba, tódolos atletas deberán devolver o chip**

*6. TROFEOS, PREMIOS e AGASALLOS*

Na XVI Carreira Pedestre Concello de Moaña, outorgaranse os seguintes premios:

**CATEGORIAS INFERIORES**

- Trofeo para o tres primeiros clasificados
- 100 medallas para atletas prebenxamins

**PROBA ABSOLUTA. CARREIRA POPULAR 10 KM**

- Trofeo o primeiro/a atleta de Moaña.
- Trofeo aos tres primeiros/as corredores/as de cada categoría e sexo.
- Premios en metálico aos 3 primeiros/as clasificados/as da Carreira Popular 10 km tanto en homes como mulleres.

› 1º/ª Clasificado/a: 150 €
› 2º/ª Clasificado/a: 100 €
› 3º/ª Clasificado/a: 75 €

PARA PODER PERCIBIR O PREMIO SERÁ OBRIGATORIO A PRESENTACIÓN DO DNI OU DOCUMENTO ACREDITATIVO DA IDENTIDADE.

**PROBA ABSOLUTA. CARREIRA POPULAR 5 KM**

- Trofeos os 3 primeiros clasificados.
- **Non haberá premios por catégorias.**
- **Non haberá premios en metálico.**

7. *SERVIZOS A DISPOSICIÓN DOS PARTICIPANTES*

- Aloxamento **gratuito o Sábado 04/05/2019**. O Concello de Moaña pon a disposición dos atletas 40 prazas do Albergue municipal en O Beque que se asignarán por orden de solicitude trala realización da inscrición. Unha vez feita a inscrición en ChampionChipNorte, debes chamar o teléfono 611455454 indicando a tua intención de usar este servizo.
- Festa fin de carreira a partir das 12:15 horas.
- Servicio médico na zona de chegada.
- Ambulancia na zona de chegada.
- Haberá Servizo de Duchas no Polideportivo frente as pistas de atletismo.
- Haberá servizo de fisioterapia ó finalizar a proba absoluta.
- Haberá avituallamento liquido durante a proba absoluta, aproximadamente nos km 2'5, 5 e 7'5.
- Entregarase bolsa do corredor a tódolos participantes que rematen a proba absoluta (5km/ 10km).

Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información relativa ás probas nas webs:

- www.championchipnorte.com

*8. SEGUROS.* Os participantes da proba estarán amparados por un seguro de responsabilidade civil concertado por o Concello de Moaña e o propio do Club Atletismo Samertolameu, e pola licencia de dia contratada pola organización. Aqueles atletas que teñen licencia federativa, estarán cubertos polo seguro da propia licenza.

9. Toda persoa que corra SIN estar inscrita, o fará baixo a sua responsabilidade, e non poderá participar de trofeos, premios, nin obsequios. Ademais, non estará amparada por o seguro da proba.

10. O percorrido estará debidamente controlado, indicado, e sinalizado cada km, ademais, existirá un posto de avituallamento aproximadamente nos puntos kilométircos 2'5, 5 e 7'5.

11. Os servizos sanitarios e ambulancia estarán ubicados na zona de saida.

12. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados por a organización. Non está permitido o acompañamento dos participantes nas distintas carreiras.

13. Durante a proba levarase o dorsal na parte dianteira, de forma visible e sin dobrar. A non observancia ou pérdida do dorsal será causa de descalificación.

14. A organización reservase o dereito de modificar este regulamento si as circunstacias o aconsellan (informando oportunamente)
Calquera circunstancia acontecida que non esté recollida en este regulamento, resolverase según o criterio da organización, e a sua decisión será inapelable.

15. Tódolos participantes debidamente inscritos, por o mero feito de tomar a saida, aceptan o presente regulamento, e en caso de dúbida, ou de xurdir algunha circunstancia non recollida no mesmo, aceptarán as decisións do comité organizador.

16. A Organización non se fan responsables dos danos morais ou materiais que poidan sufrir os participantes da proba, salvo aqueles que queden amparados por as polizas de seguros contratadas por a organización (a cobertura destas polizas estará a disposición de tódolos participantes que así o desexen)

17. DESCALIFICACIÓNS

Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA referentes a probas en ruta, será descualificados a criterio da Organización e dos Xuices da FGA.

- Todo atleta que non realice o percorrido completo.
- Todo atleta que mostre comportamentos antideportivos.
- Todo atleta que sexa acompañado durante a proba.
- Todo atleta que non leve o dorsal claramente visible na parte dianteira.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Resposabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.